

PACTO INTERNACIONAL SOBRE OS DIREITOS ECONÓMICOS, SOCIAIS E CULTURAIS



PACTO INTERNACIONAL SOBRE OS DIREITOS ECONÓMICOS, SOCIAIS E CULTURAIS

Preámbulo

Os Estados Parte no presente Pacto:

Considerando que, en conformidade con os principios enunciados na *Carta das Nacións Unidas*, o recoñecimento da dignidade inerente a todos os membros da familia humana e dos seus dereitos iguais e inalienábeis constitui o fundamento da liberdade, da xustiza e da paz no Mundo;

Recoñecendo que estes dereitos decorren da dignidade inerente à persoa humana;

Recoñecendo que, en conformidade con a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*, o ideal do ser humano libre, liberto do medo e da miséria, non pode ser realizado a menos que se crien as condicións que permitan a cada un desfrutar dos seus dereitos económicos, sociais e culturais, ben como dos seus dereitos civís e políticos;

Considerando que a *Carta das Nacións Unidas* impón aos Estados a obrigaón de promover o respecto universal e efectivo dos dereitos e liberdades humanos;

Tomando en consideración o feito de que o individuo ten deberes para con outrén e para con a colectividade à cal pertence e é chamado a esforzar-se pola promoción e o respecto dos dereitos recoñecidos no presente Pacto:

Acordan nos seguintes artigos:

PARTE I

Artigo 1.º

1. Todos os povos teñen dereito a dispor deles mesmos. En virtude deste dereito, determinan libremente o seu estatuto político e aseguran libremente o seu desenvolvemento económico, social e cultural.

2. Para atinxir os seus fins, todos os povos poden dispor libremente das súas riquezas e dos seus recursos naturais, sen prexuízo das obrigaóns que decorren da cooperación económica internacional, fundada sobre o principio do interese

mútuo e do dereito internacional. En nengun caso poderá un pobo ser privado dos seus medios de subsistencia.

3. Os Estados Parte no presente Pacto, incluíndo aqueles que teñen responsabilidade na administración de territorios non autónomos e territorios sob tutela, deben promover a realización do dereito dos pobos a dispoñen deles mesmos e respectar ese dereito, en conformidade con as disposicións da *Carta das Nacións Unidas*.

PARTE II

Artigo 2.º

1. Cada un dos Estados Parte no presente Pacto comprométese a actuar, quer con o seu propio esforzo, quer con a asistencia e cooperación internacionais, especialmente nos planos económico e técnico, no máximo dos seus recursos dispoñíbeis, de modo a asegurar progresivamente o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos no presente Pacto por todos os medios apropiados, en particular por medio de medidas legislativas.

2. Os Estados Parte no presente Pacto comprométese a garantir que os dereitos nel enunciados serán exercidos sen discrimi-

nación algunha por motivos de raza, cor, sexo, lingua, relixión, opinión política, orixe nacional ou social, fortuna, nacemento, ou calquer outra situación.

3. Os países en vías de desenvolvemento, tendo en devida conta os dereitos humanos e a respectiva economía nacional, poden determinar en que medida garantirán os dereitos económicos no presente Pacto aos non nacionais.

Artigo 3.º

Os Estados Parte no presente Pacto comprométese a asegurar o dereito igual que teñen o home e a muller ao gozo de todos os dereitos económicos, sociais e culturais enumerados no presente Pacto.

Artigo 4.º

Os Estados Partes no presente Pacto recoñecen que, no gozo dos dereitos asegurados polo Estado, en conformidade con o presente *Pacto*, o Estado só pode submeter eses dereitos ás limitacións establecidas pola lei, unicamente na medida compatíbel con a natureza deses dereitos e exclusivamente con o fin de promover o ben-estar xeral nunha sociedade democrática.

Artigo 5.º

1. Nengunha disposición do presente Pacto pode ser interpretada no sentido de implicar para un Estado, unha colectividade ou un individuo o dereito de se dedicar a unha actividade ou de realizar un acto que teña por obxectivo a destrución dos dereitos ou liberdades recoñecidos no presente Pacto ou a limitacións mais amplas do que as previstas no dito Pacto.

2. Non pode ser admitida nengunha restrición ou derogación aos dereitos fundamentais da persoa recoñecidos ou en vigor, en calquer país, en virtude de leis, convencións, regulamentos ou costumes, sob o pretexto de que o presente Pacto non os recoñece ou recoñece-os en menor grao.

PARTE III

Artigo 6.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen o dereito ao traballo, que comprende o dereito à posibilidade de gañar a vida por meio de un traballo libremente escollido ou aceptado, e tomarán medidas apropiadas para salvaguardar ese dereito.

2. As medidas que cada un dos Estados Parte no presente Pacto tomará con vista a asegurar o pleno exercicio deste dereito deben incluír programas de orientación técnica e profesional, a elaboración de políticas e de técnicas capaces de garantir un desenvolvemento económico, social e cultural constante e un pleno emprego produtivo en condicións que garantan o gozo das liberdades políticas e económicas fundamentais de cada individuo.

Artigo 7.º

Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen o dereito de todas as persoas a gozar de condicións de traballo xustas e favoráveis, que aseguren en especial:

a. Unha remuneración que proporcione, no mínimo, a todos os traballadores:

I. Um salário equitativo e unha remuneración igual para um traballo de valor igual, sen nengunha distinción, devendo, en particular, às mulleres ser garantidas condicións de traballo non inferiores a aquelas de que benefician os homes, con remuneración igual para traballo igual;

II. Unha existencia decente para eles próprias e para as súas familias, en conformidade con as disposicións do presente Pacto;

- b. Condicións de traballo seguras e hixiénicas;
- c. Iguais oportunidades para todas as persoas de promoción no seu traballo à categoría superior apropiada, sen outra consideración que a da antiguidade de servizo e da aptitude individual;
- d. Repouso, lecer e limitación razoábel das horas de traballo e férias periódicas pagadas, ben como remuneración nos días de feriados públicos.

Artigo 8.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto comprometen-se a asegurar:

- a. O dereito de todas as persoas de formaren sindicatos e de se filiaren no sindicato da súa escolla, suxeito samente ao regulamento da organización interesada, con vista a favorecer e protexer os seus intereses económicos e sociais. O exercicio deste dereito non pode ser obxecto de restricións, a non ser daquelas previstas na lei e que sexan necesarias nunha sociedade democrática, no interese da seguranza nacional ou da orde pública, ou para protexer os dereitos e as liberdades de outrén;
- b. O dereito dos sindicatos de formar federacións ou confederacións nacionais e o dereito destas de formaren ou de se filia- ren às organizacións sindicais internacionais;

- c. O dereito dos sindicatos de exercer libremente a súa activi- dade, sen outras limitacións alén das previstas na lei e que sexan necesarias nunha sociedade democrática, no interese da seguranza social ou da orde pública ou para protexer os derei- tos e as liberdades de outrén;
- d. O dereito de folga, sempre que exercido en conformidade con as leis de cada país.

2. O presente artigo non impede que o exercicio deses di- reitos sexa submetido a restricións legais para os membros das forzas armadas, da policía ou para as autoridades da adminis- tración pública.

3. Nengunha disposición do presente artigo autoriza os Es- tados Parte na *Convención de 1948 da Organización Internacional do Traballo*, relativa à liberdade sindical e à protección do dereito sindical, a adoptar medidas lexislativas que prexudiquen —ou a aplicar a lei de modo a prexudicar— as garantías previstas na dita Convención.

Artigo 9.º

Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen o di- reito de todas as persoas à seguranza social, incluíndo os seguros sociais.

Artigo 10.º

Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen a obrigaçión de:

1. Proporcionar à familia, núcleo natural e fundamental da sociedade, a protección e a asistencia mais amplas posíbeis, particularmente no momento da súa formación e durante o tempo en que ten a responsabilidade de criar e educar os fillos. O casamento deve ser libremente consentido polos futuros esposos.

2. Proporcionar às nais atención especial durante un período de tempo razoábel antes e depois do nacemento das crianzas. Durante este mesmo período as nais traballadoras deben beneficiar de licenza pagada ou de licenza acompañada de servizos de seguranza social adecuados.

3. Tomar medidas especiais de protección e asistencia en beneficio de todas as crianzas e adolescentes, sen discriminación algunha derivada de razóns de paternidade ou outras. Os nenos e os adolescentes deben ser protexidos contra a explotación económica e social. Será sancionado por lei empregá-los en traballos susceptibles de comprometeren a súa moral, prexudicaren a súa saúde, poren en perigo a súa vida ou obstaculizaren o seu desenvolvemento normal. Os Estados deben tamén fixar os límites de idade. O emprego de mao-de-obra infantil será prohibido e suxeito às sancións da lei.

Artigo 11.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen o dereito de todas as persoas a un nivel de vida suficiente para si e para as súas familias, incluíndo alimentación, roupa e aloxamento suficientes, así como a un melloramento constante das súas condicións de existencia. Os Estados Parte tomarán medidas apropiadas destinadas a asegurar a realización deste dereito recoñecendo para este efecto a importancia esencial de unha cooperación internacional libremente consentida.

2. Os Estados Parte no presente Pacto, recoñecendo o dereito fundamental de todas as persoas de estaren ao abrigo da fame, adoptarán individualmente e por medio da cooperación internacional as medidas necesarias, incluíndo programas concretos:

- a. para mellorar os métodos de produción, de conservación e de distribución dos produtos alimentares mediante a plena utilización dos coñecimentos técnicos e científicos, a difusión de principios de educación nutricional e o desenvolvemento ou a reforma dos reximes agrários, de maneira a asegurar da mellor forma a valorización e a utilización dos recursos naturais;
- b. para asegurar un reparto equitativo dos recursos alimentares mundiais en relación às necesidades, tendo en conta os problemas dos países importadores e dos países exportadores de produtos alimentares.

Artigo 12.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen o dereito de todas as persoas de gozar do mellor estado de saúde física e mental posíbel.

2. As medidas que os Estados Parte no presente Pacto tomaren con vista a asegurar o pleno exercicio deste dereito deberán comprender as medidas necesarias para asegurar:

- a. a diminución da mortalidade e da mortalidade infantil, ben como o desenvolvemento saudábel da crianza;
- b. o melloramento de todos os aspectos de hixiene do medio ambiente e da hixiene industrial;
- c. a profilaxia, tratamento e control das doenzas epidémicas, endémicas, profesionais e outras;
- d. a profilaxia, tratamento e control das doenzas epidémicas, endémicas, profesionais e outras;

Artigo 13.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen o dereito de todas as persoas à educación. Concordan que a educación debe dirixir-se ao pleno desenvolvemento da personalidade humana e do sentido da súa dignidade e a reforzar o respecto polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Concordan tamén que a edu-

cación debe habilitar todas as persoas para desempeñar un papel útil nunha sociedade libre, promover comprensión, tolerancia e amizade entre todas as nacións e grupos, raciais, étnicos e relixiosos, e favorecer as actividades das Nacións Unidas para a conservación da paz.

2. Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen que, a fin de asegurar o pleno exercicio deste dereito:

- a. o ensino primario debe ser obrigatorio e gratuito para todos;
- b. o ensino secundario, nas súas diferentes formas, incluíndo o ensino secundario técnico e profesional, debe ser xeneralizado e tornar-se accesível a todos mediante os medios apropiados e nomeadamente pola instauración progresiva da educación gratuita;
- c. o ensino superior debe tornar-se accesível a todos en plena igualdade, en función das capacidades de cada un, mediante os medios apropiados e nomeadamente pola instauración progresiva da educación gratuita;
- d. a educación básica debe ser alentada ou intensificada, na medida do posíbel, para as persoas que non reciben instrución primaria ou que non a reciben até ao seu termo;
- e. é necesario proseguir activamente o desenvolvemento de unha rede escolar en todos os escalóns, establecer un sistema adecuado de bolsas e mellorar de modo continuo as condicións materiais do persoal docente.

3. Os Estados Parte no presente Pacto comprometen-se a respeitar a liberdade dos proxenitores ou, cando tal for o caso, dos tutores legais, de escoller para seus fillos (ou pupilos) establecementos de ensino diferentes dos poderes públicos, mais conformes às normas mínimas que poden ser prescritas ou aprovadas polo Estado en materia de educación e de asegurar a educación relixiosa e moral de seus fillos (ou pupilos) en conformidade con as súas propias conviccións.

4. Nengunha disposición do presente artigo debe ser interpretada no sentido de limitar a liberdade dos individuos e das persoas morais de criar e dirixir establecementos de ensino, sempre que se observen os principios enunciados no Parágrafo 1 do presente artigo e que a educación proporcionada neses establecementos sexa conforme às normas mínimas prescritas polo Estado.

Artigo 14.º

Todos os Estados Parte no presente Pacto que, no momento en que se tornan parte, non poden asegurar aínda no territorio metropolitano ou nos territorios sob a súa xurisdición ensino primario obrigatorio e gratuito comprometen-se a elaborar e adoptar, nun prazo de dous anos, un plano detallado das medidas necesarias para realizar progresivamente, nun número razoável de anos, fixa-

dos por ese plano, a aplicación do principio do ensino primario obrigatorio e gratuito para todos.

Artigo 15.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto recoñecen a todos o dereito:

- a. de participar na vida cultural;
- b. de beneficiar do progreso científico e das súas aplicacións.
- c. de beneficiar da protección dos intereses morais e materiais que decorren de toda a produción científica, literaria ou artística de que cada un é autor.

2. As medidas que os Estados Parte no presente Pacto tomaren con vista a asegurar o pleno exercicio deste dereito deberán comprender as que son necesarias para asegurar a manutención, o desenvolvemento e a difusión da ciencia e da cultura.

3. Os Estados Parte no presente Pacto comprometen-se a respeitar a liberdade indispensable à investigación científica e às actividades criadoras.

4. O Estados Parte no presente Pacto recoñecen os beneficios que deven resultar de alentar e desenvolver os contactos internacionais e da cooperación no dominio da ciencia e da cultura.

PARTE IV

Artigo 16.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto comprometen-se a presentar, en conformidade con as disposicións da presente parte do Pacto, relatórios sobre as medidas que tiveren adoptado e sobre os progresos realizados con vista a asegurar o respeito dos dereitos recoñecidos no Pacto.

a. Todos os relatórios serán dirixidos ao Secretario-Xeral das Nacións Unidas, que transmitirá cópias deles ao Consello Económico e Social, para apreciación, en conformidade con as disposicións do presente Pacto;

b. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas transmitirá igualmente ás axencias especializadas cópias dos relatórios, ou das partes pertinentes dos relatórios, enviados polos Estados Parte no presente Pacto que son igualmente membros das referidas axencias especializadas, na medida en que eses relatórios, ou partes de relatórios, teñan relación con cuestións relevantes da competencia das mencionadas axencias nos termos dos seus respectivos instrumentos constitucionais.

Artigo 17.º

1. Os Estados Parte no presente Pacto presentarán os seus relatórios por etapas, segundo un programa que será establecido polo Consello Económico e Social, no prazo de un ano a contar da data da entrada en vigor do presente Pacto, despois de teren consultado os Estados Partes e as axencias especializadas interesadas.

2. Os relatórios poden indicar os factores e as dificultades que impeden estes Estados desempeñaren plenamente as obrigacións previstas no presente Pacto.

3. No caso en que informacións relevantes teñan xa sido transmitidas á Organización das Nacións Unidas ou a unha axencia especializada por un Estado Parte no Pacto, non será necesario reproducir as ditas informacións e bastará unha referencia precisa a esas informacións.

Artigo 18.º

En virtude das responsabilidades que lle son conferidas pola *Carta das Nacións Unidas* no dominio dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, o Consello Económico e Social poderá concluir arranxos con as axencias especializadas, con vista à presentación por estas de relatórios relativos aos progresos realizados

no observancia das disposicións do presente Pacto que entran no cadro das súas actividades. Estes relatórios poderán comprender datos sobre as decisións e recomendacións adoptadas polos órganos competentes das axencias especializadas sobre a referida cuestión da observancia.

Artigo 19.º

O Consello Económico e Social pode enviar à Comisión dos Dereitos Humanos para fins de estudo e de recomendación de orde xeral ou para información. se for caso diso, os relatórios respeitantes aos dereitos humanos transmitidos polos Estados, en conformidade con os Artigos 16.º e 17.º e os relatórios respeitantes aos dereitos humanos comunicados polas axencias especializadas en conformidade con o Artigo 18.º.

Artigo 20.º

Os Estados Parte no presente Pacto e as axencias especializadas interesadas poden presentar ao Consello Económico e Social observacións sobre todas as recomendacións de orde xeral feitas en virtude do Artigo 19.º, ou sobre todas as mencións de unha recomendación de orde xeral que figure nun relatório da Comisión dos Dereitos Humanos ou en todos os documentos mencionados no dito relatório.

Artigo 21.º

O Consello Económico e Social pode presentar de tanto en tanto à Asemblea Xeral relatórios contendo recomendacións de carácter xeral e un resumo das informacións recibidas dos Estados Parte no presente Pacto e das axencias especializadas sobre as medidas tomadas e os progresos realizados con vista a asegurar o respeito xeral dos dereitos recoñecidos no presente Pacto.

Artigo 22.º

O Consello Económico e Social pode levar à atención dos outros órganos da Organización das Nacións Unidas, dos seus órganos subsidiarios e das axencias especializadas interesadas que se dedican a fornecer asistencia técnica caisquer cuestións suscitadas polos relatórios mencionados nesta parte do presente Pacto e que podan axudar estes organismos a pronunciaren-se, cada un na súa propia esfera de competencia, sobre a oportunidade de medidas internacionais capaces de contribuir à execución efectiva e progresiva do presente Pacto.

Artigo 23.º

Os Estados Parte no presente Pacto concordan que as medidas de orden internacional destinadas a asegurar a rea-

lización dos dereitos recoñecidos no dito Pacto inclúen métodos, tais como a conclusión de convénios, a adopción de recomendacións, a prestación de asistencia técnica e a organización, en colaboración con os gobernos interesados, de reunións rexionais e de reunións técnicas para fins de consulta e de estudos.

Artigo 24.º

Nengunha disposición do presente Pacto debe ser interpretada no sentido de atentar contra as disposicións da Carta das Nacións Unidas e dos estatutos das axencias especializadas que definen as respectivas responsabilidades dos diversos órganos da Organización das Nacións Unidas e das axencias especializadas no que respeita às cuestións tratadas no presente Pacto.

Artigo 25.º

Nengunha disposición do presente Pacto será interpretada no sentido de atentar contra o dereito inerente a todos os povos de gozar e usufruír plena e libremente das súas riquezas e recursos naturais.

PARTE V

Artigo 26.º

1. O presente Pacto está aberto à asinatura de todos os Estados Membros da Organización das Nacións Unidas ou membros de calquer das súas axencias especializadas, de todos os Estados Parte no Estatuto do Tribunal Internacional de Xustiza, ben como de todos os outros Estados convidados pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas a tornaren-se parte no presente Pacto.

2. O presente Pacto está suxeito a ratificación. Os instrumentos de ratificación serán depositados xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

3. O presente Pacto será aberto à adhesión de todos os Estados referidos no parágrafo 1 do presente artigo.

4. A adhesión fará-se mediante depósito de un instrumento de adhesión xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas.

5. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas informará todos os Estados que asinaron o presente Pacto ou que adheriran a el acerca do depósito de cada instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 27.º

1. O presente Pacto entrará en vigor tres meses despois da data do depósito xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas do trixésimo quinto instrumento de ratificación ou de adhesión.

2. Para cada un dos Estados que ratificaren o presente Pacto ou a el adheriren despois do depósito do trixésimo quinto instrumento de ratificación ou de adhesión, o dito Pacto entrará en vigor tres meses despois da data do depósito por ese Estado do seu instrumento de ratificación ou de adhesión.

Artigo 28.º

As disposicións do presente Pacto aplican-se, sen limitacións ou excepcións, a todas as unidades constitutivas dos Estados Federais.

Artigo 29.º

1. Todos os Estados Parte no presente Pacto poden propor unha emenda e depositar o respectivo texto xunto do Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas. O Secretario-Xeral transmitirá entón todos os proxectos de emenda aos Estados Parte

no presente Pacto, pedindo-lles que indiquen se desexan que se convoque unha conferencia de Estados Parte para examinar eses proxectos e submeté-los à votación. Se um terzo, polo menos, dos Estados se declararen a favor desta convocatória, o Secretario-Xeral convocará a conferencia sob os auspicios da Organización das Nacións Unidas. Toda emenda adoptada pola maioría dos Estados presentes e votantes na conferencia será submetida para aprobación à Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

2. As emendas entrarán en vigor cando aprovadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e aceptadas, en conformidade con as respectivas regras constitucionais, por unha maioría de dous terzos dos Estados Parte no presente Pacto.

3. Cando as emendas entran en vigor, vinculan os Estados Parte que as aceptaron, ficando os outros Estados Parte ligados polas disposicións do presente Pacto e por todas as emendas anteriores que tiveren aceptado.

Artigo 30.º

Independentemente das notificacións previstas no parágrafo 5 do artigo 26.º, o Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas informará todos os Estados a que se fai referencia no parágrafo 1 do dito artigo:

a. acerca das asinaturas ao presente Pacto e acerca dos instrumentos de ratificación e de adhesión depositados en conformidade con o artigo 26.º.

b. acerca da data en que o presente Pacto entrará en vigor en conformidade con o Artigo 27.º e acerca da data en que entrarán en vigor as emendas previstas no Artigo 29.º.

Artigo 31.º

1. O presente Pacto, cuxos textos en inglés, chinés, español, francés e ruso dan igual fé, será depositado nos arquivos das Nacións Unidas.

2. O Secretario-Xeral da Organización das Nacións Unidas transmitirá cópias certificadas do presente Pacto a todos os Estados a que se fai referencia no Artigo 26.º.





